

CURSO

XESTIÓN E COORDINACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (3º ED.)

DOSSIER INFORMATIVO



INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Fundamentación.....	2
3) Obxectivos.....	3
4) Contidos formativos.....	3
5) Persoas destinatarias.....	4
6) Calendario	5
7) Metodoloxía.....	5
8) Avaliación	5
9) Docencia	6

NOTA: A renuncia ás prazas adxudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes dos cinco días naturais anteriores ao comezo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

1.RESUMO DO CURSO



35 horas



Online con sesións virtuais



Do 2 ao 20 de maio de 2022



Colex. en activo: 55€

Colex. en desemprego: 45€

Non colex.: 75€

2. FUNDAMENTACIÓN

Este curso pretende achegar aos/ás profesionais de T.Social, o desempeño das funcións de atención, coordinación, xestión, seguimento e avaliación dos aspectos vinculados ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF). Entre outras funcións, os/as coordinadores/as de SAF xestionan e planifican o servizo mediante a organización dos equipos de traballo de auxiliares e asignan o persoal axeitado aos servizos a prestar en cada caso, axustándoos aos recursos dispoñibles. Asemade, realizan visitas domiciliarias e son responsables da coordinación con outras entidades e profesionais.

Nesta acción formativa abordarase dun xeito práctico a xestión do SAF desde perspectivas diferentes: a xestión directa, a subcontratación do servizo e tamén aportando a visión desde a empresa privada coa finalidade de contribuír a mellorar a capacidade de organización e de planificación dos e das profesionais, ampliando os seus coñecementos, capacidades e habilidades que lles permitan acadar eficacia e eficiencia no desempeño do seu traballo.

3. OBXECTIVOS

- Coñecer a situación do Servizo de Axuda no Fogar así como a normativa que o regula e o colectivo destinatario.
- Dotar ás persoas participantes das habilidades adecuadas e dos recursos necesarios para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar.
- Capacitar aos e ás profesionais do Traballo Social na planificación, organización, xestión e dirección do Servizo de Axuda no Fogar.
- Proporcionar información actualizada sobre normativas, recomendacións, programas, recursos e/ou servizos postos en marcha por mor do COVID-19.

4. CONTIDOS FORMATIVOS

Módulo 1. Normativa

- Decreto 99/2012 polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e a súa financiación.
- Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar.
- Modelo de ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar.
- Regulamento de réxime interno do funcionamento do Programa de Axuda no Fogar.
- Protocolo de inspección.

Módulo 2. A persoa usuaria

- Quenes son as persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar.
- Necesidades das persoas usuarias.

Módulo 3. Xestión do Servizo de Axuda no Fogar. Modalidades de xestión existentes e abordaxe de casos prácticos

3.1 XESTIÓN DE SAF A TRAVÉS DE SUBCONTRATACIÓN. DEPENDENCIA E LIBRE CONCURRENCIA

- Caso práctico
- Sesión virtual

3.2 XESTIÓN DE SAF DESDE A EMPRESA PRIVADA.

- Caso práctico
- Sesión virtual

3.3 XESTIÓN DE SAF A TRAVÉS DE XESTIÓN DIRECTA.

- Caso práctico
- Sesión virtual

Módulo 4. Preguntas xurídicas frecuentes sobre o SAF.

5. PERSOAS DESTINATARIAS

Persoas precolexiadas e colexiadas, diplomados/as e/ou graduados/as en Traballo Social que desexen ampliar os seus coñecementos nesta materia.

6. CALENDARIO

Do 2 ao 20 de maio de 2022.

Contará con 3 sesións virtuais que se celebrarán nas datas que se recollen de seguido.

SESIÓN	DATA	HORARIO
Sesión 1	05/05/2022	16:30-18:30
Sesión 2	12/05/2022	16:30-18:30
Sesión 3	18/05/2022	16:30-19:30

7. METODOLOXÍA

A formación desenvolverase en modalidade online, a través da **plataforma de teleformación** do COTSG, combinando as sesións en directo a través de **videoconferencia** coa posta a disposición do alumnado dos materiais e recursos educativos complementarios ás sesións en streaming.

A metodoloxía para o desenvolvemento da formación será participativa, activa e dinámica, e iranse introducindo os contidos teóricos e respondendo as dúbidas, intereses e obstáculos cos que se atopan os/as profesionais do Traballo Social na xestión e coordinación do SAF.

8. AVALIACIÓN

Para poder acreditar mediante certificado a superación de la acción formativa, será precisa a **realización das tarefas e/ou test** propostos pola docencia, así coma a participación nas **sesións online**.

10. DOCENCIA

María Puga

Diplomada en Traballo Social pola EUTS de Santiago de Compostela en 1999. Traballadora Social no Concello de A Coruña desde decembro de 2002 ata decembro de 2003.

Traballadora Social Funcionaria de carreira, no Concello de A Coruña e desde maio de 2004 no Equipo especializado de Axuda a Domicilio. Posteriormente integrouse no Equipo específico de Dependencia, desde o ano 2010 ata a actualidade.

Yolanda Vilar

Diplomada en Traballo Social pola Universidade de Vigo-Campus de Ourense- en 2004.

Coordinadora do Servizo de Axuda no Fogar para Empresa Privada. Coach Persoal e Executivo. Experiencia de máis de 15 anos en Departamentos de Servizos Sociais no sector privado. Experiencia en Xestión de Centros Residenciais.

Mónica Rodríguez

Diplomada en Traballo Social pola Universidade de Santiago de Compostela (1990). Experta Universitaria en Mediación Familiar e en Mediación e Resolución de Conflitos.

Posúe experiencia de máis de 10 anos como Traballadora Social en SS.SS Comunitarios así como na realización de peritaxes sociais. Traballa como docente no eido da Xerontoloxía e foi responsable de coordinación de diversos proxectos de inserción sociolaboral de colectivos en risco de exclusión social.

Julia Álvarez

Licenciada en Dereito pola Universidade de Granada, cursando o Máster de Práctica Xurídica na Universidade de Santiago de Compostela. Avogada socia da Cooperativa Xurídica Artigo 14 está especializada en Dereito Penal, Dereito Civil e Función Pública. Dada de alta na quenda de oficio nas ramas de Dereito Penal e Dereito Civil, así como na Quenda especial de Violencia de Xénero.

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia



[cotsgalicia](https://instagram.com/cotsgalicia)